

**ADAPATACIÓN  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**6º DE PRIMARIA**

**3º TRIMESTRE 2019/20**

**CEIP PLURILINGÜE  
SOBREIRA-VALADARES**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# MATEMÁTICAS

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</li> <li>▪ MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras</li> </ul>
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> <li>▪ MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.</li> </ul>
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</li> <li>▪ MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</li> <li>▪ MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</li> </ul>
B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).	<p>MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.</p>
B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</li> <li>▪ MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</li> <li>▪ MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.</li> </ul>
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.</li> <li>▪</li> <li>▪ MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.</li> <li>▪ MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.</li> <li>▪ MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.</li> </ul>
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).</li> <li>▪ MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.</li> <li>▪ MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd.</li> <li>▪ MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.</li> <li>▪ MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.</li> <li>▪ MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.</li> </ul>
<p>B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</li> <li>▪ MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</li> </ul>
<p>B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.</li> <li>▪ MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas</li> </ul>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- A avaliación será continua, tendo en conta o progreso do alumno/a en todas as áreas.</li><li>- Partirase da media das avaliacións anteriores e o 3º trimestre terá un carácter sumativo, é dicir, positivo para o alumnado en relación á recuperación de materias suspensas ou unha cualificación maior ás anteriores avaliacións.</li><li>- Promocionará todo o alumnado. No caso de suspender algunha materia, terán que ser materias que xa estiveran suspensas nas anteriores avaliacións.</li><li>- Primaranse as materias instrumentais: lingua galega, lingua castelá, lingua estranxeira e matemáticas.</li><li>- As materias como as CCNN e CCSS serán utilizadas como vehículo para traballar as materias instrumentais.</li><li>- As demais especialidades (Educación Artística, E.F. e Relixión/VSC) terán un carácter voluntario por parte do alumnado.</li></ul> <p>Neste terceiro trimestre os instrumentos de avaliación quedan restrinxidos a:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Control e seguimento das tarefas correxidas enviadas polo alumnado.</li><li>- Táboa de indicadores das videoconferencias Webex</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	Partirase da media das avaliacións anteriores ponderada á alza coa nota da terceira avaliación, no seu caso. É dicir, o 3º trimestre terá un carácter sumativo, positivo para o alumno/a en relación á recuperación de materias suspensas ou dunha cualificación maior.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	O alumnado que teña materias pendentes da 1ª e 2ª avaliación manterá a mesma calificación, salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha mellora significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- As actividades propostas para a área de matemáticas están pensadas para reforzar e repasar os contidos traballados no 1º e 2º trimestre e para o desenvolvemento das competencias básicas. Preséntanselles ao alumnado semanalmente a través da páxina web do centro e corríxense tamén semanalmente.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Tutorización e seguimento do alumnado online, propiciando un entorno educativo flexible e intuitivo.</li><li>- Realización de actividades grupais e/ou individuais nas videoconferencias, prestando maior atención ao desenvolvemento de contidos de tipo emocional.</li><li>- Actividades individuais de reforzo/repaso/recuperación/ampliación que son enviadas polo alumnado ao profesorado a través de correo electrónico para a súa corrección.</li><li>- En caso de problemas coa conectividade, realízanse titorías telefónicas e dase a posibilidade de realización das videoconferencias accedendo co móbil dun dos proxenitores e facendo as tarefas propostas nunha libreta ou caderno.</li><li>- Alumnado con NEAE e/ou NEE: adaptación dos materiais e recursos plantexados ao grupo-clase e, en algúns casos, elaboración de materiais específicos. Videoconferencias, comunicación mediante correo electrónico e asesoramento telefónico.</li></ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Web do centro</li><li>- Blogs de materiais didácticos</li><li>- Webs educativas</li><li>- Aplicacións educativas</li><li>- Plataforma Webex</li><li>- Vídeos educativos</li><li>- Xogos educativos</li><li>- Actividades interactivas</li><li>- Actividades impresas</li></ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Web do centro</li><li>- Mensaxería Abalar</li><li>- Videoconferencias Webex</li><li>- Teléfono particular</li></ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Páxina web do centro</li><li>- Asesoramento telefónico individualizado</li></ul>



# L.C, L.G. E LITERATURA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>LC, LG E LITERATUA</b>	
- Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	- Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. - Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.
- Reforza a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais coa utilización de elementos propios da linguaxe xestual	- Utiliza a expresividade corporal: acenos, miradas, postura corporal... para reforzar o sentido das súas producións orais.
- Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	- Usa unha linguaxe non sexista. - Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
- Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	- Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral: sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación... - Recoñece a validez da lingua galega para conversar con persoas coñecidas ou descoñecidas.
- Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	- Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. - Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo). - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto. - Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
- Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	- Realiza o subliñado das ideas principais dun texto. - Realiza o resumo dun texto.
- Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	- Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto. - Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.
- Realizar diferentes tipos de lectura.	- Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
- Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	- Amosa autonomía lectora e capacidade de seleccionar textos do seu interese. - Expresa opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
- Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	- Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais. - Respecta as regras de puntuación no texto. - Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non

	<p>sexista.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisa e reescribe o texto cando é preciso.</li> <li>- Usa o dicionario durante a elaboración de textos.</li> <li>- Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.</li> </ul>
- Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.</li> <li>- Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</li> </ul>
- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.</li> <li>- Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.</li> <li>- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</li> <li>- Respecta as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.</li> </ul>
- Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.</li> <li>- Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas.</li> <li>- Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</li> </ul>
- escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	- escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral.
- Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	- Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
- Participar activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.	- Participa activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Os <b>procedementos e instrumentos</b> de avaliación proceso de aprendizaxe do alumnado serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rexistro anecdótico persoal.</li> <li>- Análise das producións achegadas polo alumnado ao mail dos profes (resumos e textos escritos).</li> <li>- Intercambios orais co alumnado nas videoconferencias Webex (diálogo, entrevista e assembleas).</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación da 3º avaliación e da avaliación ordinaria será a media dos dous primeiros trimestres. A nota cualificación das áreas de Lengua, Lingua e Literatura será redondeada sempre á unidade superior.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma calificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As áreas de LC, LG e Literatura no 3º trimestre desenvolverase a través de tarefas e pequenos proxectos, propostos na páxina web do cole, con avisos a través da mensaxería Abalar, e atendendo as pautas concretadas no Centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Actividades de respaso, reforzo, recuperación e, no seu caso, ampliación.</li> <li>-Flexibilidade dos plans de traballo sen sobrecargar de tarefas.</li> <li>-Recoñecer ás diferencias por falta de acompañamento docente e capacidade de acceso a dispositivos dixitais e conexión a internet.</li> <li>-Atender ao benestar do alumnado.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Nos enunciados das tarefas propostas inclúense indicacións, que adoitabamos empregar na aula durante os dous primeiros trimestres, para tentar que o alumnado poida continuar a organizar as súas experiencias de aprendizaxe, estruturen as súas ideas e expresen os seus pensamentos. Tentar acompañalos para que poidan autorregularse dacordo á súa idade. Para o que necesitan:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Darse conta do que están a facer.</li> <li>-Captar as esixencias das tarefas e responder consecuentemente.</li> <li>- Observar as propias realizacións identificando erros, acertos e dificultades.</li> </ul>

	<p>- Valorar os logros obtidos e corrixir os erros.</p> <p>Tamén inclúense algunhas <b>estratexias</b> asociadas ás <b>aprendizaxes memorísticas</b>: pedíndolles subliñar, destacar e copiar. E outras estratexias para as <b>aprendizaxes significativas</b>: facer analoxías, recapitulacións, lembrar conceptos, buscar palabras e comparar textos.</p> <p>Resulta moi difícil incluír <b>estratexias de ensinanza</b> en canto á organización (dinámicas de grupo, informacións introdutorias, enfatizar o máis importante, coherencia entre contidos e estratexias, proxectos documentais integrados).</p> <p>Nestas circunstancias de docencia “a distancia” resulta moi difícil manter a <b>atención e motivación</b>. Intentamos estratexias mediante: ilustracións significativas, preguntas intercaladas e uso do humor.</p> <p>Para facilitar o <b>afianzamento e a comprensión</b>, as estratexias para axudar a resolver dúbidas e consolidar o aprendido son totalmente dependentes da posibilidade de acceso á internet, ás chamadas e ás videoconferencias por parte do alumnado, e por parte dos mestres: resumos, preguntas intercaladas, mapas conceptuais, resolución de dúbidas.</p> <p>Nesta situación, as <b>estratexias familiares</b> son de especial importancia, e moi particularmente variables. Aínda que suxerimos: crear un lugar específico para facer as tarefas, establecer rutinas, coñecer as suxerencias e expectativas das profesoras, motivalos cara a aprendizaxe e prestar axuda só cando se necesita; entendemos que a situación emocional e laboral de cada familia ten moitos cambios e variables nestes días.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Fichas de elaboración propia e extraídas dos recursos facilitados por diferentes editoriais. Enleces a páxinas web con recursos educativos adaptados ao alumnado. Tarefas proxectos de reforzo de contidos, con participación nas propostas globalizadas dos equipos de biblioteca e EDLG.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O Centro comunicou ás familias que durante o tempo que dure a situación de confinamento nos nosos fogares, o profesorado subirá á web do cole (<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsobreiravaladares">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsobreiravaladares</a>) orientacións sobre o traballo na casa do alumnado. Son tarefas voluntarias, ligazóns de interese e actividades de repaso para facer con eles. O obxectivo é que teñan un certo ritmo de traballo, que poidan ter un horario regular, na medida do posible, nesta situación. Desenvolver actividades de reforzo e repaso sen</p>

	sobrecargar nin afectar ao benestar do alumnado. As propostas de Lengua, Lingua e Literatura a través da web do cole, son tarefas e proxectos de reforzo de contidos, e con participación nas propostas globalizadas dos equipos de biblioteca e EDLG. As propostas publícanse por quincenas, comunicándoselle ás familias con avisos a través da mensaxería Abalar. Habilitouse un mail onde o alumnado pode enviar fotos e documentos das súas tarefas na casa.
<b>Publicidade</b>	A adaptación desta programación estará publicada na web do centro para poder ser consultada polas familias, e así se lles comunicará.

# C. NATURAIS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 37	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA-VALADARES CURSO: 6º E.P. MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
--	-------------------	--



## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 37	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA-VALADARES CURSO: 6º E.P. MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
--	-------------------	--

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA 6º E.P.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
<p>B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.</p>	<p>CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.                      CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.                      CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</p>	
<p>B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.</p>	<p>CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.                      CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.</p>	<p>CCL                      CMCCT                      CD</p>
<p>B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.</p>	<p>CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.</p>	<p>CAA                      CSC</p>
<p>B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.</p>	<p>CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.</p>	<p>CSIEE</p>
<p>B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.</p>	<p>CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.</p>	
<p>B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</p>	<p>CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reino animal.</li> <li>- Reino das plantas.</li> <li>- Reino dos fungos.</li> <li>- Outros reinos.</li> </ul>	

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- A avaliación será continua, tendo en conta o progreso do alumno/a ao longo do curso.</li><li>- Partirase da media das avaliacións anteriores e o 3º trimestre terá un carácter sumativo, é dicir, positivo para o alumnado en relación á recuperación de materias suspensas ou unha cualificación maior ás anteriores avaliacións.</li><li>- No caso de suspender a materia, será porque a tiña suspensa nas anteriores avaliacións.</li></ul> <b>Instrumentos:</b> quedarán restrinxidos a: <ul style="list-style-type: none"><li>- Control e seguimento das tarefas enviadas por correo electrónico polo alumnado, que se rexistran nunha táboa.</li><li>- Rexistros das videoconferencias Webex.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> <p>A cualificación de final de curso para esta materia estará baseada principalmente nos resultados obtidos polo alumnado durante o período de clases presenciais. Aínda así, haberá variacións, sempre en positivo, no caso en que un alumno ou alumna amose terse esforzado e traballado nesta etapa tan dura de confinamento.</p> <p>É dicir, o 3º trimestre terá un carácter sumativo, sempre positivo para o alumnado.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma calificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.</p> <p>Polo tanto, só suspenderá a materia nesta última avaliación aquel alumnado que xa a tiña suspensa nas anteriores.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

